

ANEXO MAIO 2019

**PLAN DE RESTAURACIÓN DA
CONCESIÓN DE EXPLOTACIÓN
"CASALONGA" Nº 6996**



MAIO 2019

Promove:



Proxecta:



ÍNDICE

1.	ANTECEDENTES	3
2.	OBJECTO DESTE ANEXO.....	4
	2.1 Punto 3	4
	2.2 Punto 4	4
3.	CONTROL DE ENTRADA DE RESIDUOS.....	6
	3.1 Solicitud de admisión dos residuos.....	6
	3.2 Proceso de aceptación/control inicial.....	7
	3.3 Descarga na zona en restauración	7
	3.4 Separación de impropios.....	8
	3.5 Extendido e compactación dos materiais	8
	3.6 Saída das instalacións.....	8
	3.7 Libro rexistro	8
	3.8 Control por ECA	9

1. ANTECEDENTES

Con data 18 de novembro de 2017, Toca Salgado, S.L. solicita a transmisión do dereito mineiro da Sección C) "Casalonga" Nº 6996 a favor desta sociedade.

Con data 3 de abril de 2018 recíbese Resolución do 19 de marzo de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se autoriza a citada transmisión.

Con data 31 de maio recíbese requirimento de actualización do plan de restauración da Concesión.

Con data 31 de xullo de 2018 se presenta actualización de dito plan de restauración.

Con data 17 de decembro de 2018 recíbese Resolución de denegación da autorización do citado Plan de restauración, dictada pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas por non contemplar a totalidade das superficies afectadas.

Con data 17 de xaneiro de 2019 presentouse un novo plan de restauración que contemplaba a totalidade das superficies.

Con data 22 de abril de 2019 recíbese requirimento de subsanación de defectos.

2. OBJETO DESTE ANEXO

Se redacta o presente Anexo co obxecto de dar cumprimento ós puntos 3 e 4 do requirimento realizado pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de A Coruña con data 22 de abril de 2019.

2.1 PUNTO 3

O punto 3 do requirimento dicía:

"A pesar de que en principio no sería de aplicación el Real Decreto 1481/2001, de 27 de diciembre, por lo establecido en el artículo 13 del Real Decreto 105/2008, de 1 de febrero, por el que se regula la producción y gestión de los residuos de construcción y demolición, con el fin de garantizar el mayor nivel de control y seguridad posible de los residuos que se empleen para el relleno del hueco minero, se considera conveniente completar el apartado "Control de entrada de residuos" del plan de restauración presentado con la inclusión de un procedimiento de admisión de residuos como el especificado en el anexo II del mencionado Real Decreto 1481/2001"

Efectivamente el Real Decreto 1481/2001 no es de aplicación para el caso que nos ocupa. En esta restauración se pretende únicamente hacer la remodelación topográfica del hueco minero mediante la valorización de residuos inertes en el relleno del mismo, tal como contempla el Real Decreto 105/2008 que además insta a las administraciones públicas a fomentar este tipo de valorización. No obstante, como ya se ha expuesto en el plan de restauración, se llevará al día un libro de registro para el control de residuos, su origen y naturaleza. Además, dentro del apartado 4.1. *remodelado do terreo* se completa el subapartado "control de entrada de residuos" para garantizar el mayor nivel de control y seguridad posible de los residuos que se empleen para el relleno del hueco minero sin perder de vista que todos los residuos empleados serán residuos inertes.

2.2 PUNTO 4

O punto 4 do requirimento dicía:

"En la misma línea de lo anterior, se considera que la forma óptima de control es a través de un organismo de control que cumpla lo dispuesto en el anexo III del Real Decreto 975/2009, del 12 de junio, por el que se le indica la pertinencia de incluir este tipo de control en el propio plan de restauración"

En el apartado de control de entrada de residuos que se recoge en el apartado 3, se indica, como medida óptima de control, que "os traballos de recheo someteranse

a unha cadencia de visitas de control anual por parte de empresa colaboradora da administración (ECA), que deberá estar autorizada cos seguintes alcances:

- *Traballos a ceo aberto. Documento regulamentario: Capítulo VII "traballos a ceo aberto" do RXNBSM*
- *Instalacións de residuos mineiros e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras. Documento regulamentario: RD 975/2009, do 12 de xuño"*

A continuación se recolle o procedemento de admisión de residuos modificando o subapartado "*CONTROL DE ENTRADA DE RESIDUOS*" do plan de restauración.

3. CONTROL DE ENTRADA DE RESIDUOS

Para a restauración dos espazos alterados pola actividade extractiva se utilizan residuos inertes. Desta maneira, se procede á valorización destes residuos mediante o seu emprego como material de recheo nas labores de rehabilitación e remodelado do terreo.

Se describe a continuación o proceso para o control de entrada dos residuos empregados na restauración das superficies alteradas pola actividade mineira.

O proceso consta das seguintes etapas:

- Solicitud de admisión de residuos
- Proceso de aceptación/control inicial, composto por:
 - Comprobación da documentación
 - Recoñecemento/inspección visual dos residuos
 - Aceptación/rexeitamento dos residuos
 - Pesada (se procede)
- Descarga na zona en restauración
- Separación de impropios
- Extendido e compactación dos materiais
- Saída das instalacións

Seguidamente se explicará de forma detallada cada unha das etapas enumeradas.

3.1 SOLICITUDE DE ADMISIÓN DOS RESIDUOS

O proceso de aceptación ou admisión de residuos se inicia coa solicitude por parte do produtor ou xestor intermedio do residuo, de admisión do mesmo na explotación. O obxecto deste paso é identificar correctamente tanto ó produtor, como o tipo de residuo e a súa orixe.

Desta maneira se obtén de forma previa, a información necesaria para valorar adecuadamente se procede ou non a admisión dos residuos. Básicamente: orixe, natureza, tipo de transporte, cantidade total estimada, etc.

Nesta etapa quedará constancia da relación comercial entre Toysal, como xestor final do residuo inerte mediante o proceso de valorización, e o produtor ou xestor intermedio do mesmo.

A solicitude de admisión de residuos se formalizará mediante a cumplimentación dun impreso tipo, no que se farán constar os datos do produtor/xestor intermedio (razón social, CIF, enderezo, teléfono, correo-e, persoa

responsable, etc.), e dos residuos (denominación, natureza, orixe, código LER, cantidade, etc.).

Unha vez avaliada a información incluída na solicitude de admisión de residuos, se procedera á aceptación ou rexeite dos mesmos. No caso de ser aceptados, se comunicará ó produtor/xestor intermedio as condicións de recepción dos residuos e a tarifa polo servizo de valorización dos mesmos mediante o seu emprego nas tarefas de restauración.

3.2 PROCESO DE ACEPTACIÓN/CONTROL INICIAL

Á chegada dos residuos ás instalacións, se levará a cabo a comprobación da documentación relativa ó transporte dos mesmos (carta de porte), que o transportista deberá presentar no posto de control de acceso. Mediante unha inspección visual, se verificará que os residuos transportados se corresponden coa información facilitada no documento de solicitude de admisión, e que se cumpren as condicións de recepción dos mesmos. No caso de detectar algunha anomalía non se permitirá a entrada dos materiais na explotación.

Unha vez realizadas estas comprobacións e verificado o cumprimento das condicións de aceptación, se procederá á pesada da carga (esta pesaxe pode non ser necesaria no caso de que o albarán de transporte do residuo xa recolla a cantidade de material). Nunha base de datos se introducirán os datos relativos ó transporte:

- Data e hora
- Matrícula do vehículo
- Porcedencia dos residuos: produtor e/ou xestor intermedio
- Tipo de residuo: código LER
- Peso neto

Realizada esta operación se emitirá un triple albarán no que figure esta información, quedando unha copia para o xestor final, outra para o transportista e outra para o produtor/xestor intermedio.

3.3 DESCARGA NA ZONA EN RESTAURACIÓN

Superado o control de entrada, o camión dirixirase cara a área de vertido sinalada polo persoal encargado. Unha vez alí descargará o material seguindo as indicación do persoal responsable.

Unha vez descargados os residuos se realizará unha nova inspección visual. No caso de detectar a presenza de residuos inadecuados, procederase a devolver a carga á súa orixe.

3.4 SEPARACIÓN DE IMPROPIOS

No caso de detectarse entre o material descargado a presenza dalgún residuo impropio en cantidades pouco relevantes, tales como plásticos, palets, ferros, etc., estes serán separados e almacenados en contenedores dispostos para tal fin.

Estes residuos impropios serán entregados a xestores autorizados para o seu tratamento.

3.5 EXTENDIDO E COMPACTACIÓN DOS MATERIAIS

Unha vez depositados os materias na área en restauración, se procederá ó seu extendido en tongadas e posterior compactación, tal como se describe no apartado 4.1 da memoriado plan de restauración.

3.6 SAÍDA DAS INSTALACIÓNS

Unha vez realizadas estas operacións, o vehículo volverá de novo ó control de acceso para ser pesado novamente ó saír das instalacións (se procede).

Esta segunda pesada co vehículo valeiro só será necesario facela no primeiro acceso deste ás instalacións. A partir de aí, a tara do vehículo queda rexistrada na base de datos asociada a súa matrícula. Desta maneira, cada vez que o camión acceda cargado ás instalacións, coa pesada de entrada e a tara rexistrada na base de datos se obtén automaticamente o peso neto transportado que figurará no albarán.

3.7 LIBRO REXISTRO

A entrada de residuos no oco quedará rexistrada dacordo co indicado no Artigo 13 do *Real Decreto 975/2009, de 12 de junio, sobre gestión de los residuos de las industrias extractivas y de protección y rehabilitación del espacio afectado por actividades mineras.*

As entradas de material se anotarán nun Libro Rexistro, tal como se describe no artigo 32 do mesmo Real Decreto. Este libro estará a disposición da autoridade competente.

3.8 CONTROL POR ECA

Os traballos de recheo someteranse a unha cadencia de visitas de control anual por parte de empresa colaboradora da administración (ECA), que deberá estar autorizada cos seguintes alcances:

- Traballos a ceo aberto. Documento regulamentario: Capítulo VII "traballos a ceo aberto" do RXNBSM
- Instalacións de residuos mineiros e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras. Documento regulamentario: RD 975/2009, do 12 de xuño"

Con este procedemento de control de entrada de residuos, se garantiza a correcta xestión dos mesmos, así como a existencia dun rexistro telemático de todas as entradas que permita a trazabilidade dos residuos inertes valorizados co recheo do oco mineiro.

En Vigo, a 7 de maio de 2019

Luisa Álvarez Zaragoza
Enxeñeira de minas
Colexiada Nº 2.121 NO